



OIA

Esta poboación de Oía cos lugares confinantes, que antes era unha porción da parroquia de Vedornes, foi erixida en anexo dela polo Sor. Bispo Dn. Fr. Francisco García Casarrubios e Melgar o 25 de Xaneiro do ano 1841, en vista de expediente camaral que mandou formar, dispoñendo que servise de Igrexa parroquial aos seus moradores a do Mosteiro de Monxes Bernardos que aquí hai. Ca falamos desta poboación con bastante especificación no capítulo 15 do presente tomo a onde nos remitimos sobre o particular. Venera por Patroa tutelar a Sta. María Nsa. Sra., a quen celebran a súa festa o 15 de Agosto. Habitana 160 veciños, que pertencen polo contencioso político e gubernativo á Xustiza que hai no mesmo Oía como Cabeza que é de Xurisdición e partido. O valor dos seus décimos xa vai incluído co da matriz. Confina coa mar. Dista de Tui 4 longas leguas." (Ávila y La Cueva, 531).



SANTA MARÍA

Igrexa

É difícil coñecer as orixes do **Mosteiro (196)** con fidelidade histórica; o certo é que a mediados do século XII vivían aquí uns monxes, segundo a regra de S. Bieito, que posteriormente se incorporaron o Cister, dándose como data unanimemente aceptada o ano 1185.

A igrexa pode ser a máis representativa do Cister español pola pureza do seu estilo e a liña de sobriedade na que foi construída.

Alfonso VII e o seu fillo Sancho o Desexado foron os grandes benfeitores do Mosteiro. Así o 26 de Xuño de 1137 desvincula o Mosteiro da parroquia de Pedornes, e concédelle o padroado sobre varias igrexas, e tamén a percepción de tributos. As doazóns de bens continúan en 1149 e 1159, e en anos seguintes.

En agradecemento, as súas figuras están **pintadas no arco triunfal (199)** da igrexa.

Ata 1286 o coto habitábano só os monxes e son eles mesmos os que solicitan a súa poboación. Nese ano Sancho IV concede que 20 pescadores poidan poboalo, e máis adiante Enrique III, nas cortes de Burgos o 20 de febreiro de 1392, confirma a concesión e permite que sexan máis as familias que o habiten.

Non soamente os reis españois lle facían doazóns, senon tamén os portugueses, como é o caso de Sancho II de Portugal que lle concede privilexios como o de 1245 de exención de portazgos aos barcos con este destino. E tamén había doazóns particulares por parte da nobreza.

Pola situación e importancia que foron collendo os Mosteiros, no século XV, os Reis Católicos inician unha reforma de todos eles apoiándose na Bula Quanta in Dei Ecclesia do ano 1487. A reforma non chega aquí ata o ano 1547 en que pasa a depender dos Xerais da Orde.

Durante moitos anos, pola súa situación estratéxica, o Mosteiro estivo encargado da vixilancia e defensa da costa. Por ese motivo tiña unha batería de canóns e era considerada como Praza de Armas, tendo o Abade o rango de xeral e a potestade para reunir aos veciños no caso de perigo.



Os monxes foron expulsados do mosteiro o 2 de decembro de 1820, pero o ser anulada a Constitución por Fernando VII, regresan en 1823. Con motivo da desamortización de Mendizábal no ano 1835, os monxes teñen que abandonalo definitivamente, e o Mosteiro e os seus bens son postos á venda. Igrexa e mosteiro emprenden entón camiños diferentes. O último Abade foi Anxo Amores, que é un dos firmantes do inventario que se entregou e consta no Arquivo Histórico Provincial.

Nestes anos o Bispo de Tui, Frei Francisco García Casarrubios e Melgar, trata de manter a igrexa do Mosteiro como propiedade da Igrexa, e en 1838 conséguese e fai de Oia un anexo de Pedornes con culto na mesma. Ao ver que a parroquia matriz era moito máis pequena que o anexo, converte este en parroquia independente baixo o título de Sta. María de Oia o 25 de xaneiro de 1841.

O mosteiro pasa a mans de particulares. No ano 1910 foi arrendado polos xesuítas expulsados de Portugal para facer nel un colexio, e estiveron nel ata 1932 cando, ao seren expulsados de España, foi incautado polo Estado pensando que eran eles os seus propietarios.

Na guerra española (1936-1939) estableceuse nel un cárcere. No ano 1942 volve a mans dos herdeiros do seu propietario.

O Conxunto foi declarado Monumento Histórico Artístico o 3 de xuño de 1931. E está declarado coma BIC pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia.

O **edificio da igrexa (198)** presenta, como xa dixemos, as características do Cister: unha gran austeridade, moita horizontalidade no seu corpo e a combinación de volumes sinxelos por medio de liñas e ángulos rectos.

Ten planta de cruz latina e tres naves.

A fachada occidental actual é barroca e dátase en 1740.

Está realizada a modo de retablo neoclásico de tres rúas diferenciadas polas pilastras. No eixe da rúa central a porta moldurada, a fornela, con peaña e moldura acodada, inscrita nun marco apilastrado e rematado nun frontis triangular, e a ventá rectangular e con moldura tamén acodillada. A imaxe que preside esta fachada é a da **Asunción da Virxe (197)**, patroa da igrexa parroquial.

Nas laterais cada unha ten no centro do paramento a súa ventá, máis pequena e moldurada.

Unha cornixa a modo de entablamento separa o ático onde está o **escudo da Orde (200)** con coroa imperial na rúa central. E remátase con frontis triangular que se ascende pola cornixa curva desde as pilastras extremas.





202

Cada pilastra remátase nun pináculo de bola e no cumio do frontis hai o seu.

A nave central é máis alta que as laterais e cóbrese con tellado a dúas augas. As laterais só a unha.

As ventás preséntanse coma seteiras con remate de arco de medio punto.

Nas reformas que sufriu no século XVIII, ao construírse o coro alto e a fachada occidental, variou a configuración das naves laterais e do testeiro. De todas formas aínda se pode observar parte da cornixa que percorría as naves, gran parte das seteiras e os contrafortes, escalonados nos seus remates.

As naves divídense en catro tramos. O cruceiro márcase claramente. E a cabeceira componse de 5 capelas rectangulares escalonadas, sendo a capela maior a máis longa e ampla.

A nave central é máis alta e ancha que as laterais. Ten bóveda de canón apuntado apoiada en arcos da mesma directriz que parten de ménsulas escalonadas.

As laterais tamén teñen a bóveda apuntada pero perpendiculares á nave central.

Os pilares de separación das naves teñen basamentos con escalón e son moi potentes.

A construción do coro alto, a finais do século XVI, sobre **bóvedas nervadas (201-202)** levou consigo a desaparición dos últimos tramos das naves laterais e o reforzo dos soportes.

As cinco capelas da cabeceira teñen bóveda de canón apuntado. Os seus arcos triunfais son simples. Van escalonadas, as extremas son máis baixas que as intermedias, e estas máis baixas que a central.

Segundo as características do Cister, chama a atención o **triplet (203)**: as tres ventás que se atopan no testeiro do arco de acceso a capela maior, moi usado en abadías francesas.

A sancristía primitiva estaba adosada ao lado norte do cruceiro e dá paso á sancristía actual, que era a sala capitular. Parte dela foi aproveitada na reforma do século XVIII para cimentación da actual torre, que construíu Xoán Lomba en 1784.

Está formada por catro corpos. O inferior corresponde ao seu arranque dentro do edificio do mosteiro, sobresaíndo un pouco da cuberta. O segundo corpo é liso e serve de basamento ao corpo das campás rodeado dunha balconada de pedra e con ocos de medio punto en cada unha das caras. O remate fórmase cunha cúpula moi apuntada sobre tambor circular rodeado doutra pequena balconada con pináculos nas esquinas.



203

Na actualidade está en proceso de restauración sendo promovida a obra pola Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia.

Ten unha **bóveda de nervos curvos** (204) e claves colgantes, con rosetas e plafóns cos **escudos das Ordes Militares** (205-206) de Alcántara, Calatrava e Montesa. Foi obra de Bartolomé Hermosa, que aparece como mestre de obra no ano 1570.

O mesmo foi o que construíu o coro alto sobre as bóvedas oxivais de múltiples nervos e case planas.

A finais do século XVI, Pedro do Campo iniciou a construción do claustro de dous pisos que non rematou el por causa dunha enfermidade.

O retablo maior, de estilo manierista, foi instalado a comezos do século XVII. Consta de banco, dous corpos e ático.

As ménsulas do banco adórnanse con relevés que representan monxes do Cister e Pais da Igrexa Latina: S. Gregorio e **S. Xerónimo** (208).

Os dous corpos manteñen o mesmo esquema: tres rúas e catro enterrúas. Nas rúas laterais do primeiro corpo están os relevés da **Adoración de Pastores** (213) e a dos **Reis**





Magos (214), separando os espazos con columnas de fuste estriado helicoidalmente menos no primeiro terzo que se adornan con relevo de nenos. E nas enterrúas están as esculturas de bulto redondo sobre peañas.

Nas do segundo corpo os relevos mostran a **Ascensión** (215) e **Pentecoste** (216). As columnas son completas de estriado vertical.

Na rúa central do primeiro corpo está o Expositor, enmarcado en talla e na actualidade ocupado por un **Crucifixo** (209).

Mesmo enriba del está o pedestal que fai de base á fornela que sobresa e onde está a imaxe da Virxe do Mar.

Os frontóns das rúas deste segundo corpo son triangulares con adorno dun anxo e están sobre o entablamento de separación do ático, mentres que os do primeiro corpo son curvos e están no marco da caixa.

A caixa principal do ático é un **Calvario rematado con frontón triangular co Pai Eterno** (211). Ao seu lado **S. Bernardo** (212). Complétase con decoración de pináculos e outros elementos decorativos.

Foi restaurado no ano 2008.

A imaxe da **Virxe do Mar** (217) que preside o retablo non é a orixinal. Conta a tradición que no ano 1581 foi descuberta por uns pescadores no acantilado da costa próxima ao Mosteiro, e foi levada a este en procesión. Estivo un tempo no Mosteiro, pero o xeral da Congregación de Castela decidiu trasladala a Salamanca, a un colexio da Orde.





Ao ano seguinte fíxose unha reprodución exacta da mesma, que é a que na actualidade ocupa o camarín do retablo. A orixinal consérvase no convento das monxas cistercienses de Salamanca.

Das imaxes dos santos que ocupan as rúas laterais cabe destacar pola súa expresividade as de **S. Bernardo** (221) e **S. Raimundo de Fitero** (222) (fundador da Orde de Calatrava) que ocupan as peañas máis próximas ao Expositor no primeiro corpo.

Nas pilastras do arco da capela maior hai dous **anxos portantes** (219), para o sostemento das lámpadas que alumean continuamente o Sagrario, e que hoxe non existen.

No lado da epístola, adosado ao arco triunfal, está o púlpito de pedra que se apoia nunha fermosa columna que lle fai de base. No seu tornavoz, na cartela do **anxo** (218) que o remata, aparece a data de 1733.

O arco triunfal conserva non só as pinturas frontais senón tamén as inferiores, nas que se representan os **escudos das distintas Ordes Militares** (220).

Retablo de S. Bieito (223): Situado cubrindo o inicio do arco triunfal no lado da epístola.





218



219



220



221

Pola súa talla é moi probable que pertenza aos primeiros anos de 1700. A súa principal curiosidade é a adaptación que consegue dobrando os seus laterais para acoller dentro a pilastra do arco.

O banco ten un gran panel central con adornos de cintas e vexetal e no centro un anxo. Nos lados dúas grandes ménsulas para apoio das columnas salomónicas do corpo central.

A caixa é plana e enmárcase por un arco carpanel e decoración vexetal. Unha moldura coa cuncha de peregrino dá paso ao remate cadrado no que, en releve sobre follas, dous anxos enmarcan a mitra episcopal e unha coroa. Enriba desta cartela con peaña de anxo flamíxero está a imaxe de S. Miguel. Na actualidade presídeo a imaxe do Sagrado Corazón. Foi restaurado no ano 2006.

Hai documento de outros dous retablos colaterais que foron contratados a Diego de Otero, veciño de Baiona, no ano 1704, polo Abade do Mosteiro Diego de Miranda.

Un deles estaría dedicado a S. Bernardo e o outro á Virxe da Consolación.

É moi posible que o retablo que hoxe en día está **adicado a San Xosé (224)** sexa un deles polas características que se describen no contrato. O outro probablemente



222



223



224

sexa o que na actualidade está na igrexa de Mougás como retablo-marco das Ánimas. De feito a distribución, o tallado, as columnas, os adornos, os mascaróns e os galos son da mesma man.

Neste retablo, amais da imaxe de S. Xosé, á que lle falta o Neno, están as de S. Cosme e Damián, de gran devoción en toda esta zona. O Retablo e a imaxe de S. Xosé están en mal estado. Sería necesaria unha urxente restauración antes de que se perda máis.

Conserva outro **retablo dedicado á Dolorosa** (226), tamén con moitas perdas de color e dourado.

Hai dúas pilas bautismais, unha románica e outra **barroca** (225).

O **coro alto** (227) realizado en pau de rosa, ten 54 asentos, divididos en dobre fila de sitiais. No do Abade adórnase cunha Asunción en relevo e pintada, ao igual que os dous esquinais coas imaxes de S. Bieito e **S. Bernardo** (228).

Tamén se adorna con **escudos das Ordes militares** (229-230).

Dentro da súa sinxeleza mostra gran harmonía. Conserva o facistol.



225



No medio da explanada do convento había un **cruceiro (231)** que foi trasladado ao recinto de enfronte, xunto á carretera.

Un pouco máis abaixo, na praza da Centinela, hai outro Cruceiro que data do ano 1764 como podemos observar nunha longa inscrición, na que se pode ler: “PEDRO DOMINGUEZ ME PUSO POR SU CUENTA AÑO DE 1764”. E tamén as indulxencias concedidas.

É curiosa a representación das tres Ánimas que ten na basa, encima do peto. A cruz é cuadrangular e sinxela, presentando só unha piedade no anverso.

Capela de S. Xián

Na actualidade é un anexo de Sta. Mariña de Oia.

Considerámolo á parte como fixemos con Currás, anexo de Amoriñ.

Capela de S. Sebastián

Só quedaban os muros da capela, pero foi restaurada no ano 1993.



Ten unha inscrición que fai referencia ao traslado da imaxe de S. Sebastián a esta capela no ano 1770, xa que anteriormente a súa advocación era a de Sto. Antón.

Pertencía aos frades do convento e tiña un adro. Cando foi a desamortización do Mosteiro, os veciños apoderáronse dese terreo, e non foi posto á venda ao igual que o foron os outros bens.

FESTAS E ROMAXES DE OIA:

- S. Sebastián: Fin de semana próximo ao 20 de xaneiro.
- Corpus Christi: Domingo de Pentecoste.
- Nosa Señora do Mar: Luns seguinte a Pentecoste.
- Virxe do Carme: Xullo (variable)
- Stos. Cosme e Damián: 27 de setembro.

